



A LITERATURA GALEGA NA IDADE MEDIA

CUESTIÓNS XERAIS

Lingua galega e literatura

1º Bacharelato

|

ÍNDICE

1. Contexto histórico / lingüístico

- a) A Era Compostelá - *Bos tempos para a lírica*
- b) O galego, unha lingua normalizada

2. A lírica trobadoresca en Europa

- 2.1. A Provenza: o berce da lírica trobadoresca
- 2.2. Expansión da moda trobadoresca por toda Europa
- 2.3. Chegada da lírica trobadoresca a Galicia - Vías de penetración

3. Cronoloxía da lírica trobadoresca galego-portuguesa

4. Principais xéneros da lírica trobadoresca galego-portuguesa

5. O espectáculo trobadoresco

- 5.1. Autores e intérpretes: trobadores, xogares e outros
- 5.2. Os mecenas

6. Cancioneiros e pergamiños



1. Contexto histórico / lingüístico

► Repaso da unidade: *A lingua galega na Idade Media*

a) A Era Compostelá (séculos XII - XIII)

- Etapa de máximo esplendor da Galicia medieval. É unha etapa sen grandes conflitos, na que medra a poboación, crecen as cidades e vilas... **Eran bos tempos para a lírica.**

b) O galego, unha lingua normalizada

- A lingua galega era **falada por toda a poboación** (campesiñado, burguesía, nobreza...)
- Desde finais do século XII, o galego convértese tamén na **lingua escrita** en que se redactan todo tipo de textos (administrativos, xudiciais, didácticos... e tamén literarios)

Nestas coordenadas históricas xorde a finais do século XII
a lírica trobadoresca galego-portuguesa




2. A lírica trobadoresca en Europa

2.1. A Provenza: o berce da lírica trobadoresca

A lírica trobadoresca ten a súa orixe no sur de Francia (no territorio da **lingua provenzal**) e, máis concretamente, en **Poitiers**.

Provenzal = Occitano = Lingua d'oc



Linguas rexionais de Francia



Territorio da lingua d'oc



Poitiers

2. A lírica trobadoresca en Europa

2.1. A Provenza: o berce da lírica trobadoresca


Na corte de Poitiers (petencente ao ducado de **Aquitania**) xorde e desenvólvese, co apoio da nobreza, unha importantísima **escola literaria: a primeira escola trobadoresca**. As técnicas e os temas desenvolto polos trobadores da Aquitania axiña se poñen de moda e se espallan, primeiro polo territorio occitano e logo por toda Europa.



Guillaume IX de Aquitania (1071 - 1126), conde de Poitiers e avó de Alienor de Aquitania, coñecido como o 1º trobador



Alienor de Aquitania, raíña de Francia e Inglaterra e gran protectora da escola trobadoresca




*Francia no século XI
- Condado de Aquitania*

2. A lírica trobadoresca en Europa

2.2. Expansión da moda trobadoresca por Europa

- A moda trobadoresca xerada en Occitania esténdese por diferentes puntos de Europa, creándose múltiples escolas trobadorescas que siguen as técnicas provenzais e adaptan os seus temas aos gustos locais: a escola catalá, a escola aragonesa, a escola francesa, a escola italiana, a escola siciliana e a **escola galego-portuguesa**.
- Así pois, a lírica trobadoresca galego-portuguesa intégrase nun **movemento literario maior de ámbito europeo**.



Expansión da lírica trobadoresca provenzal -

As diferentes escolas de trobadores

2. A lírica trobadoresca en Europa

2.3. Chegada da lírica trobadoresca a Galicia

A poesía trobadoresca penetra no ámbito lingüístico galego portugués a través de varias vías:

- a) **Camiño de Santiago**, ruta comercial e espiritual que unía Compostela con toda Europa.




- b) **Orde de Cluny**. A partir do século XII, monxes da orde de Cluny reforman e instálanse en vellos mosteiros galegos. Estes monxes desempeñan unha importante función educativa.



- c) **Contactos nobiliares**. Na expansión da lírica trobadoresca foron tamén importantes as relacións entre os nobres provenzais e os galegos.

3. Cronoloxía da lírica trobadoresca galego-portuguesa

A lírica trobadoresca galego-portuguesa desenvólvese plenamente durante o
século XIII e a primeira metade do XIV (150 anos)



1196 - *Cantiga máis
antiga que se conserva*

***Período pre-trobadoresco:** É probable que a lírica trobadoresca chegase antes do 1196 (ano da cantiga máis antiga que conservamos)

***Etapa de decadencia:** A partir de mediados do século XIV, a lírica trobadoresca galego-portuguesa vai perdendo vitalidade.

4. Principais xéneros da lírica trobadoresca galego-portuguesa




Recordamos...



- Lembras cales eran os diferentes xéneros da lírica trobadoresca galego-portuguesa?
- Cales eran as características principais de cada un deles?

4. Principais xéneros da lírica trobadoresca galego-portuguesa

Cantigas de amigo	Cantigas de amor	Cantigas de burlas	Cantigas de Santa María
Unha doncela expresa o seu amor polo amado (chamado <i>amigo</i>)	Un cabaleiro expresa o seu amor por unha doncela (chamada <i>senhor</i>). É sempre un amor non correspondido.	<i>Cantigas de escarnho e maldizer</i> . Burlas e críticas contra diferentes clases sociais. Presentan unha linguaxe obscena.	Cantigas de carácter relixioso, na honra da Virxe. Estiveron dirixidas polo rei Afonso X.
			

4. Principais xéneros da lírica trobadoresca galego-portuguesa



Actividade:

*A que xénero pertencen as seguintes
cantigas medievais?*



Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo,
E ai Deus se *verrá* cedo!

Ondas do mar *levado*,
se vistes meu amado?
E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amigo,
O por que eu suspiro?
E ai Deus se *verrá* cedo!

Se vistes meu amado,
Por que hei gran coidado?
E ai Deus se *verrá* cedo!

CANTIGA 1

Autor: **Martin Códax**



1 - *Verrá* - virá

2 - *Levado* - levantado, bravo

CANTIGA 2

Autor: **Fernando Esquío**



Amor, a ti me ven[h] 'ora queixar
de *mia senhor*, que te faz enviar,
cada u dórmio, sempre m'espertar
e faz-me de gram *coita* sofredor.
Pois m'ela nom quer veer nem falar,
que me queres, Amor?

Este queixume te *venh'or* dizer:
que me nom queiras meu sono *tolher*
pola fremosa do bom parecer
que de matar home sempr'há sabor.
Pois m'ela *nẽum* bem quis[o] fazer,
que me queres, Amor?

- Ora: *agora*
- De mia senhor, que te faz enviar, cada u dórmio, sempre m'espertar: *da miña señora, que te envía cada vez que durmo sempre a me espertar.*
- Coita: *pena, sufrimento*
- Queixume: *queixa*
- Venh'or: *veño agora*
- Toller: *quitar*
- Nẽum: *ningún*

CANTIGA 3

Autor: **Fernando Esquío**



A um frade dizem escaralhado,
e *faz pecado* quem lho vai dizer,
ca, pois el sabe *arreitar* de foder,
cuid'eu que *gai* é, de *piss'arreitado*;
e pois emprenha estas com que *jaz*
e faze filhos e filhas *assaz*,
ante lhe dig'eu bem encaralhado.

Escaralhado nunca eu diria,
mais que traje caralho arreite,
ao que tantas molheres de leite
tem, *ca* lhe parirom três em um dia,
e outras muitas prenhas que tem;
e atal frade cuid'eu que mui bem
encaralhado per esto seria.

- Faz pecado: *fai pecado, peca*
- Ca: *xa que*
- Arreitar: *ter potencia*
- Gai: *alegre*
- Piss'arreitado: *pene potente*
- Estas con que jaz: *con que se deita*
- Assaz: *bastantes*
- Traje: *trouxo*

Santa María,
Strela do día,
móstra-nos vía
pera Déus e nos guía.

Ca veer faze-los errados
que perder foran per pecados
entender de que mui culpados son;
mais per ti son perdoados
da ousadía que lles fazia
fazer folía mais que non debería.

Santa María,
Strela do día,
móstra-nos vía
pera Déus e nos guía.


CANTIGA 4

Afonso X




Actividade:

A que xénero pertencen as cantigas medievais?

Cantiga 1	Cantiga 2	Cantiga 3	Cantiga 4
Cantiga de amigo. Unha doncela expresa o seu amor polo amado (chamado amigo). A rapaza pregúntalle por el ás ondas do mar de Vigo.	Cantiga de amor. Un cabaleiro expresa o seu amor por unha doncela (chamada senhor). É un amor non correspondido, que o atormenta, non o deixa durmir...	Cantiga de burla Búrlase e críticase a un frade polo seu comportamento sexual, moi contrario á moral católica. Presenta unha linguaxe obscena.	Cantiga de Santa Cantiga que alaba á Virxe María.
			

5. O espectáculo trobadoresco



- A lírica trobadoresca combina **poesía** e **música**.
- As **cantigas** non eran poemas para ser lidos / recitados (coma os de hoxe en día), senón para seren cantados, interpretados con diversos instrumentos e a miúdo tamén con baile. Formaban parte dun espectáculo integral pensado para entreter os membros da corte.



Pergamiño Vindel - As cantigas conservan a notación musical

5. O espectáculo trobadoresco

5.1. Autores e intérpretes

No espectáculo trobadoresco distinguimos entre:



TROBADOR	XOGRAR
• Orixe nobre	• Orixe humilde
• Poeta e compositor das cantigas (ten coñecementos literarios e formación musical)	• Intérprete das cantigas compostas polos trobadores, moitas veces acompañados dalgún instrumento musical.
• Compoñen por amor á arte, por pracer...	• Interpretan para vivir, para gañar o pan.

5. O espectáculo trobadoresco

5.1. Autores e intérpretes

Con todo, a pesar desta diferenza teórica entre xogar e trobador, moitas veces os xogares atrevéronse a saltar as normas e compoñer as súas propias cantigas. Isto provocou censuras e burlas por parte dos trobadores, que percibían o atrevemento dos xogares coma un intento de subir chanzos na escala social.



- Lourenço jogar, hás mui gram sabor
de citolares, ar queres cantar,
des i ar filhas-te log'a trobar
e teens-t'ora já por trobador;
e por tod'esto ãa rem ti direi:
Deus me confonda, se hoj'eu i sei
destes mesteres qual fazes melhor!

- Joam Garcia, são sabedor
de meus mesteres sempre deantar,
e vós andades por mi os desloar;
pero nom sodes tam desloador
que, com verdade, possades dizer
que meus mesteres nom sei bem fazer;
mais vós nom sodes i conhecedor.

*Cantiga dialogada entre o trobador
Joam Garcia de Guilhade e o xogar
Lourenço. O trobador acusa ao xogar
de non saber trobar e o xogar
deféndese da crítica.*

5. O espectáculo trobadoresco

5.1. Autores e intérpretes

Ademais dos trobadores e xogares, formaban tamén parte do espectáculo trobadoresco as **SOLDADEIRAS**, bailarinas ou cantareiras mulleres que acompañaban aos xogares na súa interpretación. As soldadeiras teñen unha singular importancia na lírica galego-portuguesa xa que conservamos múltiples cantigas nas que se resalta a súa vida amorosa e sexual por riba dos seus méritos artísticos.



5. O espectáculo trobadoresco


5.2. Os mecenas

A lírica trobadoresca concibíase como unha diversión para os señores dentro das cortes e desenvolveuse co apoio e baixo o mecenado da nobreza e da realeza.

Nesta liña cómpre destacar dous reis - trobadores:

- **Afonso X, o Sabio**
- **Don Dinís de Portugal**

O seu gusto polas letras levounos a impulsar nas súas cortes rexias a lírica galego-portuguesa e tamén a compoñer eles mesmos as súas propias cantigas.




Afonso X, o Sabio



Dom Dinis

6. Cancioneiros e pergamiños

As cantigas medievais chegaron aos nosos días en diferentes cancioneiros e pergamiños:



6. Cancioneiros e pergamiños

a. O Cancioneiro da Ajuda


- Foi escrito a finais do século XIII / Comezos do XIV (probablemente na corte de Don Dinís)
- Consérvase en Lisboa, no Palacio da Ajuda.
- Contén 310 cantigas, todas elas **cantigas de amor**.
- Concibiuse como un códice rico, cheo de ilustracións, letras capitais adornadas, notación musical... Pero non chegou a rematarse e todo isto ficou sen acabar.



Palacio da Ajuda - Lisboa



Dom Dinis




Páxina do cancioneiro da Ajuda

6. Cancioneiros e pergamiños

a. O Cancioneiro da Ajuda

*Ilustracións tamén sen
rematar*

*Letra capital sen
rematar de colorearse*



*Espazos para a
notación musical, que
non chegou a poñerse*

6. Cancioneiros e pergamiños

b. O Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa e o Cancioneiro da Vaticana

- Foron os dous copiados no **século XVI** en Italia, no *scriptorium* do humanista italiano **Angelo Colocci**.
- **Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa:**
consérvase na Biblioteca Nacional de Lisboa e presenta 1647 cantigas de todos os xéneros (é o cancioneiro máis completo de todos).
- **Cancioneiro da Vaticana:** consérvase na Biblioteca do Vaticano e presenta 1200 cantigas de todos os xéneros.



Angelo Colocci, humanista italiano do Renacemento de grande importancia para a lírica galego - portuguesa

6. Cancioneiros e pergamiños

c. O Pergamiño Vindel

- Data do século XIII.
- Contén **sete cantigas de amigo de Martín Codax**.
- Ademais da letra das cantigas, tamén presenta a **notación musical**.
- Foi descuberto a comezos do século XX polo libreiro madrileño **Pedro Vindel**.
- Consérvase en **Nova York**, na Pierpont Morgan Library.



Cando Pedro Vindel o descubriu, o pergamiño funcionaba como forro doutro códice posterior.


6. Cancioneiros e pergamiños

d. O Pergamiño Sharrer

- Data de finais do século XIII - comezos do XIV.
- Contén **sete cantigas de amor do rei Don Dinís.**
- Ademais da letra das cantigas, tamén presenta a notación musical.
- Foi descuberto polo profesor Harvey Sharrer.
- Consérvase no Arquivo Nacional da Torre do Tombo, en Lisboa.



Dom Dinis



Pergamiño Sharrer



Pergamiño Sharrer

6. Cancioneiros e pergamiños

	Data	Número de cantigas / Xénero das cantigas	Lugar no que se conserva	Por que se chama así?	Outros trazos relevantes
<i>Cancioneiro da Ajuda</i>	Finais do XIII - Comezos do XIV	310 cantigas de amor	Palacio da Ajuda - Lisboa	Polo lugar no que se conserva	Concibiuse como un código rico, pero está sen rematar.
<i>Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa</i>	Século XVI	1647 cantigas de todos os xéneros	Biblioteca Nacional de Lisboa	Polo lugar no que se conserva	Mandounos copiar o humanista italiano Angelo Colocci.
<i>Cancioneiro da Vaticana</i>	Século XVI	1200 cantigas de todos os xéneros	Biblioteca do Vaticano - Roma	Polo lugar no que se conserva	
<i>Pergamiño Vindel</i>	Finais do XIII - Comezos do XIV	7 cantigas de amigo de Martín Códax	Biblioteca Pierpont Morgan de Nova York	Porque foi descuberto polo libreiro Pedro Vindel	As cantigas están acompañadas da notación musical.
<i>Pergamiño Sharrer</i>	Finais do XIII - Comezos do XIV	7 cantigas de amor do rei Don Dinís.	Arquivo Nacional da Torre do Tombo - Lisboa	Porque foi descuberto polo profesor Harvey Sharrer	As cantigas están acompañadas da notación musical.